

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 29 DE ABRIL DE 2021.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as sete horas e cinco minutos do día 29 de abril de 2021 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

### Concelleiros/as :

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( ALCALDESA)  
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)  
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)  
D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .  
D<sup>a</sup> CRISTINA OTERO ALONSO ( PSOE).  
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ( RBC)  
D<sup>a</sup> PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ ( RBC)  
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS ( RBC)  
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GOMEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

**ALCALDESA.-** Boa tarde a todas e todas, concelleiras, concelleiros e as persoas que nos seguen telematicamente. Enviar unha forte aperta a todas as persoas afectadas polo covid-19 e os seus familiares, entre todos venceremos a esta situación.

Imos comenar a sesión do pleno ordinario de 29 de abril de 2021.

**1.APROBACION, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 25 DE MARZO DE 2021 (ORDINARIA).** .

Respecto a acta anterior , hai algunha cuestión que correxir.

Se non hai ningunha observación, fica aprobada.

**2.-DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

Alcaldesa.-Estivo a disposición dos corporativos e corporativas para exame.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril,

reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 02 de febreiro; unha, sobre baixa no servizo recollida lixo.

Do 22 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de marzo; seis; cinco, sobre infraccións administrativas; unha, sobre concesión Servizo Xantar na Casa.

Do 26 de marzo catro; unha, sobre rectificación recibo entrada vehículos; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de marzo; tres; dúas, sobre prórroga contratación; unha, sobre inscrición no Rexistro Parellas de Feito.

Do 30 de marzo; once; sete, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre enterramento; dúas, sobre aboamentos.

Do 31 de marzo; dez; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre remision expte. ao Xulgado Cont-Amtvo nº 2 Ourense; unha, sobre comparecencia en recurso; unha, sobre concesión de días en compensacion traballos realizados; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicacion previa obras; dúas , sobre aboamentos.

Do 05 de abril; dez; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre rectificación recibo taxa recollida lixo; unha, sobre liqud. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre baixa IVTM; unha, sobre concesión Servizo Xantar na Casa; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de abril; dez; oito, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de abril; dez; cinco, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre reclamación IBI; unha, sobre liqu. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de abril; cinco; dúas, sobre concesión serv. axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de abril; seis, tres, sobre devolución ingresos indebidos unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de abril; seis; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre cambio titular recibo taxa recollida lixo; unha, sobre lista provisional persoal peón servizos múltiples; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de abril; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de abril; seis; tres; sobre exptes. sancionadores; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de abril; cinco; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas sobre concesión Servizo Xantar na Casa; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de abril; nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa IVTM; unha, sobre baixa IBI; dúas, sobre concesión servizo Axuda no Fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de abril; doce; seis , sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión Servizo Axuda no Fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de abril; seis; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre concesión Servizo Axuda no Fogar; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de abril; seis; unha, sobre devolución recibo IBI 2020; unha, sobre baixa taxa servizo recollida lixo; unha, sobre desestimación petición; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de abril; catro; unha, sobre cambio titular recibo lixo; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 26 de abril; sete; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre desestimación petición; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de abril; nove; unha, sobre baixa na taxa recollida lixo; dúas, sobre bonificacion IVTM dúas, sobre infrac. administrivas; unha, sobre concesión

permiso para asistencia a curso; unha, sobre arquivo expte; unha, sobre eficacia comunicacion previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de abril; tres; dúas, sobre infrac. administrativas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

### **3.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA E XESTIÓN DA EDAR CON AQUALIA.**

Alcaldesa.-Esta proposta é froito dun profundo estudio do tema por parte do grupo de goberno, tivemos varias reunións sobre esta cuestión. Proponemos esta prórroga pensando en prestar o mellor servizo posible aos veciños, garantindo o servizo; hai que recoñecer que a decisión ven condicionada pola situación socio-económica que orixina a pandemia, o que, por responsabilidade e pensando nos veciños, nos fai priorizar a estabilidade e continuidade na prestación do servizo. Non é un cheque en branco, hai contraprestacións.

O secretario lee o ditame:

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

-Considerando que a empresa TEDESA ( hoxe FCC AQUALIA) resultou adxudicataria con data 1 de Julio de 1996 da licitación convocada polo Concello de Ribadavia para a concesión administrativa de xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación depuradora de augas Residuais de Ribadavia, subscribíndose para ese efecto o correspondente contrato de Concesión Administrativa con data 31 de xullo de 1996.

-Considerando que no "PREGO DE CONDICIONS ECONOMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN NO CONCURSO POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONCESION DA XESTION INTEGRAL DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E MANTEMENTO DA ESTACION DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE RIBADAVIA.- figura :

**2 DURACIÓN DO CONTRATO.**

A duración do contrato será de VINTE (20) ANOS, contados a partir do comezo do mesmo, prorrogables por períodos de CINCO (5) ANOS, ata o máximo legal de CINCUENTA (50) ANOS, salvo interese expreso polo Concello contratante, notificada alomenos UN (1) ANO antes do seu vencemento.

En todo caso, chegado o vencemento do contrato, ou dalgunha das súas prórrogas a Administración Municipal poderá dispoñer-la prórroga obrigatoria do mesmo ata un máximo de SEIS (6) ANOS

-Considerando que o Concello de Ribadavia en acordo adoptado o 29 de Xuño de 2015 pola Xunta de Goberno Local, co obxecto de evitar a prórroga automática da concesión administrativa de xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación depuradora de augas Residuais de Ribadavia e dentro do prazo concedido para o efecto, acordou a data de finalización do contrato o 30 de Julio de 2016.

-Considerando que Con data de 30 de xuño de 2016 o pleno do concello de Ribadavia adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Declarar a prórroga obrigatoria do contrato, todo elo de acordo coa cláusula 2ª do Prego no Prego de Condicións aprobado polo Pleno do Concello con data 28.12.1995, fixándose como data de remate da concesión o vindeiro 30.07.2017, prorrogándose automaticamente ata un máximo de SEIS (6) ANOS, e en todo caso ata que o Concello acorde o modelo de xestión para a prestación do referido servizo.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo a empresa F.C.C.-Aqualia, concesionario do Servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia, os efectos oportunos".

*-Considerando que O Pleno do concello de Ribadavia na súa sesión de data 26 de setembro do 2019, acadou o seguinte acordo:*

**PRIMEIRO:** Iniciar expediente para determinar a forma de xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Ribadavia nos termos previstos no artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

**SEGUNDO:** Que se elabore unha memoria xustificativa que explicita os custes reais directos e indirectos e demais previsións necesarias para o mantemento do servizo en réxime

de xestión directa e indirecta, e precise a opción máis sustentable e eficiente.

**TERCERO:**Elaborada a antedita memoria xustificativa, recabar informe do Interventor que valorará a sustentabilidade financeira da xestión polo concello do servizo en réxime de xestión directa e indirecta , consonte ao previsto no artigo 4 da Lei Organica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**CARTO:** Habilitar ao alcalde presidente para a designación dun técnico coa capacitación profesional acaída , que comprobe o estado das obras,infraestruturas e material afecto á concesión e indique, no seu caso, as reparacións e reposición necesarias para mantelos nas condicións acaídas.

**QUINTO:** Requerir á empresa concesionaria Aqualia para que presente unha relación individualizada e valorada de todas as instalacións, obras e materiais afectos á prestación do servizo que non figurasen no Anexo III do Prego de Condicións.

O concello de Ribadavia podería proceder a acordar unha nova prórroga do contrato de CONCESION DA XESTION INTEGRAL DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E MANTEMENTO DA ESTACION DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE RIBADAVIA, por un prazo de cinco anos, acorde coa cláusula segunda do prego de cláusulas administrativas particulares e acordo co marco legal que rexe o contrato, artigo 158 da Lei 39/1995 de contratos das administracións públicas.

PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto, revogar o acordo do pleno de data 26 de setembro de 2019 que na súa parte dispositiva resolve:

**PRIMEIRO:** Iniciar expediente para determinar a forma de xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Ribadavia nos termos previstos no artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

**SEGUNDO:** Que se elabore unha memoria xustificativa que explicita os custes reais directos e indirectos e demais previsións necesarias para o mantemento do servizo en réxime de xestión directa e indirecta, e precise a opción máis sustentable e eficiente.

**TERCERO:**Elaborada a antedita memoria xustificativa, recabar informe do Interventor que valorará a sustentabilidade financeira da xestión polo concello do servizo en réxime de xestión directa e indirecta , consonte ao previsto no artigo 4 da Lei Organica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**CARTO:** Habilitar ao alcalde presidente para a designación dun técnico coa capacitación profesional acaída , que comprobe o estado das obras,infraestruturas e material



afecto á concesión e indique, no seu caso, as reparacións e reposición necesarias para mantelos nas condicións acaídas. QUINTO: Requerir á empresa concesionaria Aqualia para que presente unha relación individualizada e valorada de todas as instalacións, obras e materiais afectos á prestación do servizo que non figurasen no Anexo III do Prego de Condicións.

SEGUNDO.-Prorrogar o contrato subscrito polo Concello de Ribadavia coa empresa TEDESA ( hoxe FCC AQUALIA) con data 1 de Julio de 1996 para a concesión administrativa de xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da Estación depuradora de augas Residuais de Ribadavia ata o 30 de xullo de 2027, vinculada á mesma á execución e financiamento do plan de investimentos do período de prórroga consistente en:

1 Aqualia deberá poñer a disposición do concello de Ribadavia un camión-cisterna , que terá como mínimo as seguintes características:

Furgón dotado dunha cisterna de aceiro galvanizado de 1.100 mm de capacidade total de 1.500 litros, divida en 1.000 litros de auga sucia e 500 litros para auga limpia. Equipada cunha válvula de aspiración de 3” e unha válvula de vaciado de alta presión de 3”, con conexións Guillemín, con válvula de tres vías para cambio de succión a presión e viceversa, con protección por sobrepresión. Mano- vacuómetro . Seguridade por sobrecalentamento . Visores de cristal. Fondo traseiro de apertura total con 4 peches manuais.

Dito furgón será utilizado polo persoal de Aqualia en horas e lugares a determinar polo concello de Ribadavia, previo acordo entre ambas partes.

Para poder ser utilizado por persoal do concello, fóra do horario establecido, deberá formalizarse un convenio de colaboración entre o concello e empresa en que se fixarán os dereitos e obrigas de cada un dos convenientes.

2 Aportación de materiais para obras de mellora, a elección do concello de Ribadavia, da rede de abastecemento ou saneamento do concello de Ribadavia , por importe de 64.996,93 euros.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á FCC AQUALIA SA.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado,votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.-É un tema tratado en comisións, o explicou ben a alcaldesa. Os grupos puideron facer consultas e acceder ao expediente. Hai unha situación excepcional pola covid, a prórroga garante o servizo á cidadanía. Hai contraprestacións, investimentos no municipio, o conquerei este goberno. A pandemia da covid condiciona esta decisión. É un mal menor con consecuencias positivas para os veciños. É legal, ven avalado polos informes xurídicos pertinentes. Leva moito traballo do goberno, é un proceso de negociación lexítimo , cun acordo posible e positivo. Pedir o voto positivo dos outros grupos ou ,polo menos, que non sexa negativo.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Boas tardes , moito ánimo a todos os afectados pola covid. A nos nos parece ben; no pleno pasado o BNG presentou unha moción sobre este tema.Se recollen algunhas contraprestacións pola empresa que antes non se daban. Esa contía que sorprende pola súa concreción, ¿ responde a unha obra concreta? Non sabemos se a contrapartida da empresa supón moito ou non. A nosa proposta é a municipalización.

D César Fernández Gil (PP).- A nosa posición neste tema sempre foi clara. Entendemos os argumentos que se indican ,sobre todo a situación da covid. Nos traballabamos nesta liña cando estabamos no goberno, de feito xa solicitamos informes xurídicos para avaliar esta medida.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- A partida é concreta, porque o concello ten cuantificado un plan de posibles investimentos, non é unha improvisación. A prioridade estará en función da colaboración de outras administracións, se busca dende o minuto un, se trasladaron as necesidades a todas as administracións. A prioridade é a rede municipal, hai vontade de acordar cos veciños. Co avance da lexislatura se decidirá o destino exacto.

Nunca se abordou de todo o tema da municipalización ou non, neste momento é difícil Se debatiu no seo do goberno. Un concello só é máis difícil , máis posible sería mancomunando os servizos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado,votos a prol PP, PSOE, RENC, abstención BNG, fica aprobada.

#### **4.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

**ALCALDESA.**-Esta modificación orzamentaria responde a dúas necesidades importantes para o concello, e, en última instancia, para os veciños e veciñas: a aportación municipal para a subvención concedida polo IDA E para a substitución de luminarias nunha gran extensión do concello , o que vai supoñer un mellor servizo e un importante aforro enerxético.

A segunda necesidade é a adquisición por expropiación dunha parcela na Porta Nova, expropiación que resulta obrigatoria para o concello ao estar prevista no PEPRI, e que entendemos que lle vai a prestar un bó servizo á cidadanía , coa súa utilización como praza pública.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Está abordado en comisións; é a aportación municipal a unha subvención de moito calado, que non estaba prevista no orzamento. Esperamos o apoio dos demais grupos. Se redactarán uns pregos que inclúan melloras que alcancen a máis puntos que o proxecto inicial. Se dota a adquisición dun inmovible en zona emblemática do casco histórico. Para transformar o soar en plaza pública, lle pese a quen lle pese.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non nos parecen mal estes gastos. Non nos parece acertado acudir a un crédito para estes gastos, se podía ir a outros recursos. Algúns concellos sufragan estes gastos con axudas da Deputación. Pode ser tirar dun comodín demasiado pronto. Nos imos a abster.

Dª Mariluz Expósito Pérez ( PP).- As obras obxecto da modificación as apoiamos, foi proposta nosa cando fuimos goberno. Na adquisición da parcela tamén estamos de acordo. Non estamos de acordo no método de cofinanciación das obras, o concello xa está endebedado, hai que ter en conta a crise pola covid. Non imos a ser impedimento para que se aprobe.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Creía que este punto estaba ben explicado, que nas comisións o argumentei suficientemente. A fórmula que se propón é criticada polos grupos pero non ofrecen alternativas. Cando estabamos na oposición facíamos propostas alternativas. Non queremos dicir nomes e apelidos de onde sae a débeda. É alarmista falar da débeda. Este portavoz aclarou que se non se solicita o crédito, podería pasar o que pasou coa modificación de 2020; houbo que aprobar uns novos orzamentos porque non había posibilidade de novos créditos. O informe de intervención avala a operación. Hai unha resolución xudicial que vai supoñer unha liquidez adicional de 50.000 euros para o concello.

Alcaldesa.- Respecto a proposta de pedir axuda á Deputación , tendo en conta a recepción fallida do presidente da Deputación, sona a broma. Non pedir o crédito supón un serio risco de perder a subvención. É a fórmula recomendada polos funcionarios.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non dúbido que o avalen os técnicos . Explicamos o noso punto de vista e amosamos a nosa preocupación. Se eu chego a ir a reunión co presidente da Deputación , me quedaría , falaría con eles e explicaría a situación de Ribadavia.

Alcaldesa.- Nos pareceu unha falta de respecto institucional, a reunión era da alcaldesa e do Presidente da Deputación. Recibíu a varios alcaldes só. Non nos gustaron as formas. Me gustaría saber que fórmula se propón para non solicitar o crédito , e os prazos.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O noso grupo buscaría outra fórmula, vos estades no goberno.

Alcaldesa.- A decisión ven avalada polos técnicos que coñecen a situación do concello.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Non cuantifiquei a débeda, faltan anos por pagar. Nos expresamos a nosa opinión. Ata non fai moito non se podía pedir crédito.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

**PRIMEIRO.** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.2/2020, na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos: **1º CREDITOS NECESARIOS:**

**-Crédito extraordinario e suplemento de crédito (Partidas existentes no Orzamento con dotación insuficiente)**

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Aumento que se prop.	Total	Fins
165.633.00	0	199.357,74	199.357,74	Aportación municipal para o proxecto de substitución de luminarias no concello de Ribadavia ( proxecto subvencionado polo I.D.A.E)
151.62200	3000	21.010,50	24.010,50	Adquisición de inmovible sito na Porta nova de arriba.

**R E S U M O**

Tota credits extraordinarios e suplementos de crédito ..... 220.368,24

Total créditos necesarios ..... 220.368,24

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 220.368,24

=====

**2º.- FINANCIAMIENTO**

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

- a) Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.
- b) Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Aumento que se prop.	Total
011.913.01	0	220.368,24	220.368,24
Total aumento que se propón-----			220.368,24

(1) Operación de crédito..

**SEGUNDO.** Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose a pleno en calidade de ditame.

## 5.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS.

Alcaldesa.-O presente acordo ven motivado porque a Xunta de Galicia ten aprobada un regulamento autonómico na materia , e ao ser a ordenanza municipal anterior ao mesmo, temos a obriga legal de adaptarnos.

O texto da Ordenanza responde a un modelo tipo consensuado pola Xunta e a Fegamp, e as maiores modificación se producen en materia de verquidos na que se reforzan as obrigas co obxectivo de protexer o medio ambiente.

Deixo a consideración dos grupos sometelo a debate.

O secretario lee o ditame da Comisión informativa:

Que a comisión informativa de Obras e Servizos Municipais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Visto o requerimento para a tramitación da ordenanza municipal de saneamento, remitido por Augas de Galicia, con rexistro de entrada no concello de 9 de novembro de 2020 , no que se indica a necesidade de que o concello de Ribavia dispoña dunha ordenanza adaptada ao Decreto 141/2021 polo que se aproba o Regulamento Marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

Cumprido o trámite previsto no artigo 133.1 da Lei de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas sen efectuarse consideracións.

Proponse:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal do concello de Ribadavia sobre o servizo de saneamento e depuración de augas residuais *nos termos en que figura no expediente.*

**SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno . O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## 6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

O secretario lee o ditame:

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Considerando a necesidade de adaptar a Ordenanza de Circulación da Vila de Ribadavia as situacións e problemáticas que o paso do tempo ten posto de manifesto respecto da regulación existente, solventando as mesmas

**Proponse:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación Ordenanza de Circulación do concello de Ribadavia *nos termos en que figura no expediente.*

**SEGUNDO.** Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno . O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Acabo de deixar unha copia a cada portavoz. É importante para nos , é un traballo feito na lexislatura, non se conqueiriu levar a pleno. Posibilitamos que os grupos e a cidadanía se posicionen na información pública, temos vontade de integrar todas as posicións. Houbo sete días para que os grupos fixesen achegas. Houbo unha achega do BNG que se recolle. Se da unha redacción garantista para que ningún quede excluído. A prioridade é que as persoas con garaxe aparquen no garaxe. O artigo 7 consideración a maiores ,un requisito estar empadroadado no casco histórico , non perxudica o espírito da norma. O anexo III carga e descarga contempla o supermercado Eroski e o antigo Banco de Santander.Non houbo achega do PP esta semana.

As alegacións serán recepciónadas sempre que non vaian contra o espírito da norma.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Houbo reunións, dúas comisións esta lexislatura. Se fixéron moitas achegas, algúns se recollen. Hai cuestións xa reguladas que non se cumpren.

Agradecemos que se recolla a nosa solicitude.

Se podería incrementar a oferta de aparcamentos disuasorios.  
Se falou de incrementar a dúas horas a gratuidade do parking, pode disminuir a rotación. Hai persoas que pagan un bono mensual. Se poderían facer descontos para as persoas que traballan en Ribadavia.

D Miguel García Domínguez ( PP).- Boa tarde a todos e todas. Non vou a pñer en tela de xuízo a forma de traballar. Se fixeron varias comisións de tráfico e reunións cos comerciantes. O documento estaba case rematado, só faltaba unha última reunión para pechar o documento, consensuado ao 100%. Non vou a discutir a forma de traballo do actual goberno. Falta unha reunión, causa xustificada para que falte unha decisión consensuada entre todos.

Se preveía unha zona azul , además de Rúa Progreso, do Bar Moderno ata a entrada do parking. Outra na rúa Ribeiro ¿ por qué non se recolle, se estaba consensuada?  
Zona de descarga Eroski, vehículos de tres eixos, articulados, limitar a súa entrada ata as once da mañá, hipoteca todo o tráfico.

Se eliminan zonas azuis enfrente da farmacia e as da rúa da Prata.

Hai que tentar unha posible solución. Sobre as consideracións do BNG sobre os soares , os donos do soar na rúa Extramuros non o queren ceder para aparcamento, o concello non ten mecanismos legais.

Hai autorización verbal da AXI para retirar os vehículos diante do castelo para dignificar a imaxe.  
O parking é un servizo público, que o concello con fondos públicos mellora o tráfico é un investimento. Os veciños do casco histórico por lei non poden aparcar diante das súas casas. Este sistema funciona moi ben en Pontevedra ou Compostela.

Hai un traballo previo dos grupos, do goberno e da policía local.

Sobre a dificultade na implementación, non se pode non aplicar a lei para evitar a confrontación.

Alcaldesa.- Se trata de activar esta ordenanza, que non se modificou dende 2014. É unha aprobación inicial, hai un período de exposición pública. O que propoñedes hoxe o pudisteis trasladar ao conselleiro que se puxo a disposición nas comisións.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Concordo con Miguel en que faltaba esa última reunión. Desexo que saia ben, me dá medo a reacción da xente.

D Miguel García Domínguez ( PP).- O noso voto vai a ser abstención. Desexamos moita sorte e que a xente cumpla. Foron vinte meses e catro anos de reunións , cando estabamos no goberno se fixeron as reunións cando se podía con vontade de facer cousas. O grupo que máis demandaba as reunións era Ribeiro en Común.

¿ Desaparece a zona azul na farmacia e o aparcamento regulado na Fonte da Prata?

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Eu recoñezo o traballo do concelleiro Miguel García, non do goberno do PP. Fixemos en dous meses a modificación que o goberno anterior non foi capaz en dous anos.

Entendo que tedes que xustificar a vosa abstención.

Non propuxestes achegas nos sete días que tivestes para facelas.

A estratexia do PP non é venir a construír, basta ver as redes sociais. Só veñen eiquí a destruír. Se absten para seguir coa grotesca campaña nas redes sociais en perfís falsos. Me da pena.

D Miguel García Domínguez (PP).- A miña intervención foi constructiva e educada, para que non se aludan a cuestións que non entendo.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Eu recoñezo o teu traballo como concelleiro. Falo do goberno e do grupo do PP, sete días para facer propostas e non se fixeron; non se pediu comisión de tráfico.

Dende o bar Moderno ata o parking todo é zona azul.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE (4), RENC (3), e BNG, e abstencións PP (5), fica aprobada.

Alcaldesa.- Os puntos sete e oito se debaten de forma conxunta e se fai a votación por separado.

#### **7.- APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN DO BAIXO ESQUERDA DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA CARLOS CASARES 5.**

O concello ten cedido o uso do inmoble adicado a Galescola na rúa Carlos Casares nº5 en base a un convenio.

O espazo situado no baixo esquerda do edificio non se utiliza polo Consorcio Galego de Servizos Sociais.

Coa finalidade de garantir que dito local de titularidade municipal teña un uso efectivo e se adique a satisfacer necesidades colectivas e sexa útil para o conxunto da cidadanía propoñemos o seguinte acordo.

Secretario lea o ditame.

a comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Considerando que con data de 28 de xullo de 2008 asinouse Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello de Rivadavia para xestión da galescola de Ribadavia integrada na Rede Galega de Escolas Infantís, que na cláusula quinta preveía:



“ O concello cederá o uso do inmovible adicado a Galescola na rúa Carlos Casares nº5”

Considerando que o espazo situado no baixo esquerda do edificio de referencia sito na rúa Carlos Casares nº5 non se utiliza polo Consorcio Galego de Servizos Sociais. Coa finalidade de garantir que dito local de titularidade municipal teña un uso efectivo e se adique a satisfacer necesidades colectivas e sexa útil para o conxunto da cidadanía.

Proponse a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a desafectación do baixo esquerda do edificio sito en Rúa Carlos Casares 5 , titularidade do concello de Ribadavia , cambiando a cualificación do local baixo esquerda de ben de dominio público a ben patrimonial.

**SEGUNDO.** Publicar este Acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

**TERCEIRO.-** Comunicar, ou solicitar autorización á Consellería de Política Social, en canto administración cesionaria do edificio , caso de entenderse dita autorización necesaria por parte da Consellería de Política Social.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

Secretario.- No apartado terceiro hai que facer unha pequena engadeda respecto ao ditame da Comisión “ e solicitar a desafectación á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria”.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Este grupo de goberno considera suficientemente explicada a cuestión. Hai unha iniciativa veciñal , privada para Casa do Maior. Das posibles ubicacións a máis acaída tecnicamente e , dende o punto de vista do servizo, é esta. Hai que solicitar a desafectación. Vai ligada a unha solicitude de subvención. Este espazo non se usa como gardería fai moito tempo. O baixo dereita está sendo utilizado de forma ilegal pola Galiña Azul e por unha asociación, o goberno quere legalizar a situación.

A proposta é boa para o proxecto empresarial, a sociedade, é positiva para os maiores e cativos. A pena é que non sexa posible o colexio.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A favor, é unha boa iniciativa. Bó uso e bó que sexa unha persoa de Ribadavia. Ogallá que conquira a subvención e o poida levar a cabo. O ideal sería un centro de día en Ribadavia.

D César Fernández Gil (PP).- Estamos a favor dos dous puntos.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Agradecer o voto a favor. Sumarse á reivindicación de centro de día, non é incompatible. O reivindicamos dende o goberno. Se faría un convenio se a subvención é concedida.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **8.- MANIFESTACIÓN DO COMPROMISO DE CESIÓN DO BAIXO ESQUERDA DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA CARLOS CASARES 5 A INICIATIVA DE INTERESE PÚBLICO.**

O secretario lee o ditame:

Que a comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

**Vista a Orde pola que se regulan as bases que rexeran o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2021,2022 e 2023.**

Considerando que o espazo situado no baixo esquerda do edificio sito na rúa Carlos Casares nº5, titularidade do concello de Ribadavia, non se utiliza de forma efectiva.

Coa finalidade de garantir que dito local de titularidade municipal teña un uso efectivo e se adique a satisfacer necesidades colectivas e sexa útil para o conxunto da cidadanía.

Proponse a adopción do seguinte acordo:

**Manifestar o compromiso do concello de Ribadavia de ceder o espazo situado no baixo esquerda do edificio sito na rúa Carlos Casares nº5, titularidade do concello de Ribadavia ,a dona Lorena Gándara Rojo co compromiso de efectuar a solicitude prevista na Orde pola que se regulan as bases que rexeran o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2021,2022 e 2023, de adicar o mesmo a dita finalidade de forma exclusiva, e, de realizar as obras de adaptación que lle sexan esixidas.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado,votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **9.- PROPOSTA DE ACTUACIÓN COS SOARES MUNICIPAIS DO CASCO HISTÓRICO.**

**Alcaldesa.-**Dende que chegamos ao goberno unha das nosas máximas preocupacións e ocupacións é a revitalización do casco histórico , que o

Casco histórico de Ribadavia teña vida, na procura de ese obxectivo é polo que traemos a pleno este acordo.

O secretario lee o ditame:

Que a comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

O Concello de Ribadavia é un dos maiores propietarios de inmobles do Casco histórico. Non en balde, entre o seu amplo patrimonio conta con varias propiedades actualmente sen uso e algunhas en mal estado de conservación, nos que se podería promover vivendas ou darlle outro uso como hostaleiro ou comercial.

Os inmobles referidos son os de titularidade municipal que se atopan no Casco histórico, en concreto os que se relacionan de seguido:

Rúa dous Fornos nº11-13.  
Rúa dous Fornos nº 15.  
Rúa dous Fornos nº 17.  
Rúa San Martiño nº13/Xerusalén.  
Rúa Extramuros nº 52.  
Rúa Fornos nº 22.  
Rúa Fornos nº 24.  
Rúa Fornos nº 26.

Algúns destes inmobles deberán unificarse debido ao seu reducido tamaño.

Con todo, a situación económica e o custe das rehabilitacións fai inviable a posibilidade de reforma ou rehabilitación a cargo do Concello exclusivamente.

Ante esta circunstancia, desde o Concello temos a decisión de dinamizar e poñer en marcha a reforma e rehabilitación da totalidade de ditos inmobles.

A prioridade é a colaboración institucional con Administracións superiores, fundamentalmente coa Xunta de Galicia por ter competencia na materia, e con quen se estableceron contactos ao respecto. Tamén a través da colaboración pública-privada para tratar de darlle saída á totalidade destes inmobles e, de paso, facer unha contribución importante á recuperación deste enclave e así darlle saída á inmobles propiedade municipal que se atopan en mal estado e sen uso.

Así o que se propón vai en dúas liñas de actuación:

1.- Cesión dos inmobles de titularidade municipal no casco historio a outras Administracións, en particular, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), para a súa rehabilitación para vivendas de protección oficial, ben en venda ou posterior alugamento.

2.- Enaxenación ou cesión, previo procedemento oportuno e fórmula legal axeitada, dos inmobles a particulares interesados cos condicionates de destinalos a vivenda ou outro uso axeitado previo autorización do Concello (hoteleiro, comercial...). Priorizando o seu destino a persoas censadas para primeiras vivendas, e establecendo cláusulas sociais e de permanencia co obxecto de evitar posibles casos de especulación.

Con isto o Concello pretende por en valor o Casco Historico así como darlle un impulso o mesmo asentando poboación.

En base ou anteriormente exposto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Ofertar e poñer a disposición, gratuíta, CON CARÁCTER PREFERENTE os inmobles de titularidade municipal sitos no Casco histórico de Ribadaiva ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), para a súa posterior reforma e rehabilitación para adicalos a vivenda de protección autonómica.

2º.- No caso que o ofrecemento do Concello a Administración Autonómica non fose aceptado na totalidade ou parte do inmobles referenciados, cos restantes procederase a tramitar expediente de enaxenación ou cesión, de acordo coa lexislación vixente, sempre cos condicionantes de destinalos a vivenda preferentemente, ou a outro uso axeitado previo autorización do Concello (hoteleiro, comercial...).

3º.- Co obxectivo de explorar a demanda existente, acordase abrir un período de 15 días hábiles dende a publicación deste anuncio non taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, no que os interesados e interesadas poderán presentar as súas solicitudes indicando os inmobles por orde de preferencia e uso que se lle pretendería dar.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG , reservanse para o pleno PP (2) , RENC (1), PSOE (2), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- O explicou a alcaldesa perfectamente, se explicou en comisións. Hai unha decisión firme de solventar esta problemática. Non se pode pretender facer gardar a norma, se o concello como administración non da exemplo. Hai que compaxinar esta vontade coa búsqueda de outras solucións.

A semana que ven hai unha xuntanza co director do Instituto Galego de vivenda e solo para tentar dar saída a estes inmobles. O concello oferta a cesión gratuíta á Xunta para vivendas sociais.

A xunta é a administración autonómica que menos inviste en vivendas sociais.

A situación actual é alarmante , hai que romper o bloqueo con esas vivendas. Neste mes moitos veciños manifestaron o seu interese en adquirilas. Esas vivendas van a ser para quen máis as necesite . Somos permeables as propostas dos grupos. A vivenda debe ser a prioridade, sen descartar outros usos. O casco histórico non pode ser un espazo vacacional. Se farán unhas bases de consenso con outros grupos.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non nos pareca mal que esas vivendas cobren vida. O concello fixo un desembolso importante no seu momento. Se as adquire a Xunta moi ben. Que o casco sexa un sitio atractivo para que a xente viva.

D César Fernández Gil (PP).- Neste tema hai distintos puntos de vista. Coincidindo co diagnóstico non estamos de acordo , e é unha postura tan lexítima como a do goberno. A liña de actuación tería que ser outra, Plan de dinamización e Plan Rexurbe. Para nos o camiño é outro, O noso deber como concelleiros é manifestar a nosa opinión de que o camiño debe ser outro. Imos votar en contra.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Grazas ao BNG polo seu apoio. A nosa vocación é coincidir con todos os grupos.

É unha pena que o PP non se sume a proposta, ten medo a que o goberno actúe. Cando se fala do Plan Rexurbe inclúe estas casas, este goberno segue con Plan Rexurbe. Pero é como o Plan Xeral que prevé un ponte de dous millóns de euros sobre o río Avia, para o cal hai cero euros. Este goberno da un método real de traballo. Outros dous anos de fotos bonitas e as casas caíndo os muros. O Plan Rexurbe vende fume á sociedade, en dous anos non se fixo nada. O PP vota en contra para mandar un mensaxe claro a algún. Que non sexa un preámbulo para o poida pasar noutra administración, para que haxa demoras nos prazos. Que non haxa chamadas a outros dirixentes políticos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE (4), RENC (3) e BNG, voto en contra PP (5), fica aprobada.

#### **10.- DACIÓN DE CONTA DAS BASES DE AXUDAS SOCIAIS.**

**Alcaldesa.**-A competencia para adoptar o presente acordo é da xunta de goberno local, non entanto, e cumprindo o noso compromiso de transparencia e de que o pleno sexa o foro de todas as cuestións municipais , e para recoller achegas dos demais grupos, se trae o asunto a pleno para dar conta.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Que chegue á maior cantidade de xente posible.

D César Fernández Gil (PP).- Querriamos saber o calendario de aprobación.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- É unha dación de conta, se explicou o contido, as cantidades, os prazos, se explicou todo minuciosamente. Hoxe se poden recibir achegas. No perfil oficial do PP se desinformou nas anteriores axudas, se pode facer nestas. O PP xoga coas cifras para intentar enganar, que non pase esta vez.

Se sube a partida para intentar chegar a máis xente. A nosa vontade é dar as axudas dende xuño ata final de ano.

### **BASES PARA A AXUDA DEREITO SOCIAL**

#### **A. Obxecto da axuda**

A axuda económica será periódica durante os meses de xuño a decembro de 2021, co obxectivo de complementar os recursos e prestacións para a cobertura das necesidades básicas de alimentación, hixiene, farmacia, vestimenta, así como gastos de pago de aluguer, hipoteca e pago de suministros da vivenda habitual sita en Ribadavia.

#### **B. Requisitos**

- Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente ou no seu lugar ter iniciado o trámite legal de emancipación.
- Estar empadroado/a no Concello de Ribadavia na data de solicitude, e manterse como mínimo ata 31 de decembro de 2021.
- Que o cómputo total dos ingresos da unidade familiar, contabilizando as pagas extras, non superen o limiar segundo a táboa:

#### **Baremo de Ingresos**

Familia de 1 membro: 100% do IPREM	565 €
Familia de 2 membros: 130% do IPREM	734 €
Familia de 3 membros: 150% do IPREM	847 €

Familia de 4 membros ou máis membros: 160% do IPREM 904 €

- Na aplicación do baremo anterior, non serán deducibles os gastos periódicos (aluguer, hipoteca, pago de suministros como luz, auga, teléfono...).
- Non ter solicitado e concedido ningún membro da unidade familiar a mesma axuda Municipal, nin Axuda de Inclusión Social, Emerxencia municipal así como a tarxeta moedeiro da Xunta de Galicia.
- Realizar os gastos en Establecementos con domicilio social en Ribadavia. Os gastos relacionados co aluguer, hipotecas ou suministros serán en vivendas sitas no Concello de Ribadavia.
- Ter xustificado correctamente calquera axuda municipal desta tipoloxía ou similar, neste ano 2021 ou en anos anteriores.
- Non ter débedas adquiridas co Concello de Ribadavia. Se existiran facer un compromiso de pagamento.

### **C. Documentación a presentar**

- Fotocopia DNI / NIE de todos os integrantes da unidade familiar.
- Libro de familia, se procede.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da últimas 3 nóminas ou documento que acredite os ingresos familiares.
- Declaración xurada de ingresos por traballos esporádicos ou temporais.
- Así mesmo presentarán certificado de pensións ou axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Ingreso Mínimo Vital, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo...ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).
- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do INEM e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.
- Certificado do N° de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.
- Sentenza de divorcio/separación, si procede, de percepción ou non de pensión de alimentos ou compensatoria. Nos casos de custodia compartida computaranse os membros menores una soa vez a un/hna dos proxenitores.

### **D. Contía das Axudas**

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda, que constará do ingreso máximo de seis mensualidades co importe seguindo a seguinte táboa,

#### **Baremo de Ingresos** **Axuda económica**

Familia de 1 membro	50 €/mes
Familia de 2 membros	100 €/mes

Familia de 3 membros	160 €/mes
Familia de 4 membros ou máis	200 €/mes

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta os criterios económicos do baremo estipulado no punto B e en base a un informe social realizado polos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Ribadavia.

#### **E. O prazo**

A presentación das solicitudes será do 1 de xuño ata o 23 de decembro.

#### **F.- Lugar de presentación**

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ribadavia.

#### **G.- Proceso de intervención social**

- Tódalas axudas económicas que outorgue o Concello de Ribadavia estarán necesariamente encadradas nun proceso de intervención social integral que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar que pode incluír a realización de accións formativas.
- A necesidade obxecto da axuda será valorada polos profesionais do Dpto. de Servizos Sociais correspondente e integrada nun proxecto de intervención social individual ou familiar.

#### **H.- Instrución dos expedientes**

Os/as traballadores/as sociais do Departamento de Servizos Sociais procederán a valoralo expediente.

- Unha vez recibida a documentación requirirase, se é o caso, ó interesado para que proceda á corrección de erros para a achega da documentación necesaria no prazo de 15 días, comunicándolle que en caso contrario se lle terá por desistido na súa petición, de conformidade co establecido no artigo 94 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, arquivándose o expediente sen máis trámite.
- Os/as traballadores/as sociais que instrúan o expediente poderán dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polos interesados. Igualmente, poderán requirir a estes as aclaracións por escrito e a documentación necesaria para poder resolver.
- Unha vez completado o expediente, emitirase o correspondente informe social, no que se acredite a necesidade e/ou urxencia da axuda e a proposta favorable ou denegatoria.

- A axuda terá unha periodicidade máxima de 6 meses, tendo un seguimento continuo mentres se perciba a axuda. Ós 3 meses haberá que presentar documentación acreditativa de manter os requisitos polos que se concedeu a axuda de tódolos membros da unidade de convivencia.

- A axuda poderá ser concedida ata esgotar o crédito destinado para a mesma.

### **I.- Resolución**

A resolución correspóndelle a Xunta de Goberno Local, que deberá producirse no prazo máximo de un mes dende a data de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Ribadavia, sempre e cando se dispoña de toda a documentación necesaria e recollida nas bases para a resolución da solicitude no citado prazo.

A resolución deberá especificar:

- a) Se procede ou non a concesión da axuda e motivación desta.
- b) Cuantía da axuda, duración, prazo de xustificación e periodo de revisión.
- c) A existencia de crédito suficiente para a atención da solicitude.

### **K.- Xustificación**

- A axuda vai relacionada en base ó pago anticipado dos gastos por parte do beneficiario ata á contía máxima concedida.

- O importe da axuda será ingresado unha vez presentado os tickets ou facturas, cada tres meses. No caso das unidades familiares de 3 ou 4 membros poderase realizar o ingreso cada 2 meses.

- Unha vez realizada correctamente a xustificación, o Concello aboará ó beneficiario a cantidade pertencente ós 3 ou 2 meses, no prazo máximo de 20 días hábiles.

### **L.- Obrigacións dos beneficiarios**

Os beneficiarios das axudas están obrigados a:

- Comunicar ó Departamento de Servizos Sociais, todas aquelas variacións na súa situación económica e socio familiar, que poidan modifica-las circunstancias que motivaron a axuda.

- Delegar o pago da axuda concedida ó arrendador ou entidade bancaria correspondente.

- Reintegra-los importes concedidos cando non se apliquen para os fin para os que foron concedidos.

- Cumprimento das condicións que figuren no proxecto de intervención social individual ou familiar.

- Realizar o gasto da axuda concedida nos establecementos do comercio local do Concello de Ribadavia facilitado no listado que se anexará na resolución de concesión da axuda.



- Xustificar o gasto da axuda concedida coa presentación dos tickets, facturas ou recibos correspondentes cada tres meses, dependendo de cando se conceda a axuda.

### **M. Incompatibilidades**

As axudas previstas na presente ordenanza serán incompatibles con calquera outra das concedidas por outras administracións públicas polo mesmo ou similar concepto dentro do ano en curso.

- . Ser beneficiario da tarxeta moedeiro da Xunta de Galicia.
- . Ter solicitada e concedida Axuda de Inclusión Social da Xunta de Galicia.
- . Ter solicitada e concedida Axuda de emerxencia social municipal.”

### **BONO NATALIDADE DO CONCELLO DE RIBADAVIA**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases relativas o “Bono de natalidade do Concello de Ribadavia, que de seguido transcríbese:

#### 1. Obxeto:

O Concello de Ribadavia nunha aposta por fomentar a natalidade e potenciar as unidades familiares empadroadas na vila, pon en marcha un “bono natalidade”.

Trátase así dunha axuda que pretende favorecer a natalidade, potenciar o empadramento de poboación e reducir a despoboación no Concello de Ribadavia.

Este bono ten por obxeto axudar a cubrir as necesidades básicas do neno ou nena recién nacido/a ou adoptado/a.

#### 2. Características:

Axuda de 100€ por cada nacemento ou adopción de neno ou nena.

#### 3. Persoas destinatarias:

Nai ou pai que tivera un fillo ou filla ou que houberan adoptado un fillo ou filla.

#### 4. Requisitos:

Nais e pais empadroados/as no Concello de Ribadavia.

Permanecer empadroados/as a nai, o pai e o neno/a ata 31 de decembro do ano en curso.

#### 5. Prazo de solicitude:

Dende a data de nacemento do neno/a ou do inicio da convivencia en caso de adopción, e en todo caso dende o 01.01.21

Estas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ribadavia.

#### 6. Solicitudes e documentación:

As solicitudes presentaranse no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia xunto coa seguinte documentación:

Fotocopia do DNI/tarxeta de residencia de ambos proxenitores.

Fotocopia do libro de familia.

Certificado de convivencia da unidade familiar.

Número de conta bancario (IBAN) da persoa solicitante.

#### 7. Adhesión de establecementos:

Abrirase un prazo para os establecementos (que vendan produtos relacionados con recén nacidos/as), que queiran ser partícipes no obxecto das compras desta axuda. Unha vez rematado elaborárase un listado de establecementos, que se adxuntará xunto coa folla de solicitude a todos/as os/as solicitantes.

#### 8. Obrigacións dos beneficiarios:

Realizar o gasto da axuda concedida nos establecementos do comercio local do Concello de Ribadavia facilitados no listado que se anexará na resolución de concesión da axuda. Xustificar o gasto da axuda concedida nos establecementos locais coa presentación dos tickets ou facturas correspondentes ata ó 30 de decembro de 2021.

#### 9. Compatibilidades:

Esta axuda será compatible con outra de similar concepto ou finalidade de calquera outra administración pública.

#### 10. Resolución:

A resolución correspóndelle a Xunta de Goberno Local, que deberá producirse no prazo máximo de un mes dende a data de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Ribadavia, sempre e cando se dispoña de toda a documentación necesaria e recollida nas bases para a resolución da solicitude no citado prazo.

A resolución deberá especificar:

- a) Se procede ou non a concesión da axuda.
- b) Cuantía da axuda e prazo de xustificación.

#### 11. Revocación ou reintegro da axuda: desenvolver e poñer normativa xeral que obriga a devolución

Poderase esixir o reintegro da axuda concedida:

- Se non se realiza a compra nos establecementos locais.
- Se non se xustifica documentalmente, cos tickets ou facturas correspondentes.
- Incumpri a obriga do empadronamento tanto dos pais como do neno establecidas nas presentes bases.”

#### **11.-MOCIÓN BNG POLA REVERSIÓN PÚBLICA DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO DO RÍO CERVES.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de abril de 2021 adoptou o seguinte ditame:

A concesión do aproveitamento hidroeléctrico do río Cerves finaliza en 2025. As súas instalacións repartense entre os concellos de Melón e Ribadavia, ubicándose en Prexigueiro as turbinas de xeración eléctrica.

A proximidade de caducidade da concesión é unha oportunidade para :

- a protección medioambiental. En 1990 Unión Eléctrica Fenosa SA obtivo da Xunta a concesión dun caudal de 1000 l/s do río Cerves, ampliado ata os 2.200 l/s en 1999, a piques de entrar en funcionamento a central hidroeléctrica, polo que é necesario

cumprir a consideración da Confederación Hidrográfica Miño Sil do río Cerves como tramo de interés medioambiental.

- A posta en marcha dunha explotación pública que coloque o salto hidroeléctrico ao servizo do desenvolvemento do noso país, en especial dos concellos nos que se asenta e que non reciben beneficios da actual explotación.
- Asegurar que o aproveitamento hidroeléctrico sexa compatible co desenvolvemento da vila termal de Prexigueiro ou calquera outra actividade local relacionada co Cerves.

Por estes motivos propomos a adopción dos seguintes acordos:

1 Instar á Xunta a levar a cabo as actuacións necesarias para reverter o aproveitamento hidroeléctrico do Cerves á xestión pública unha vez que se produza a súa caducidade en 2025, a fin de que o seu aproveitamento se realicen con fins de utilidade pública e interese social de xeito que este recurso actúe como vector de crecemento económico no territorio en que está implantado

2 Instar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e máis á Confederación Hidrográfica Miño Sil , a que fagan efectiva a resolución da concesión administrativa do aproveitamento hidroeléctrico do Cerves en 2025, tramitando os expedientes de reversión sen retrasos e sen caducidades de expedientes, recuperando a xestión pública e modificando as disposicións legais pertinentes para garantir simultaneamente un instrumento que asegure a tributación municipal e a reversión de beneficios aos concellos e comunidades veciñas.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG , reservanse para o pleno PP (2) , RENC (1), PSOE (2), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Dende o BNG reclamamos que o concello de Ribadavia esixa a reversión do aproveitamento hidroeléctrico do río Cerves. As instalacións están en Melón e Ribadavia, a caducidade está moi próxima; tendo en conta o prolongado da tramitación administrativa, pedimos que a Xunta tramite a reversión. Debería permitir unha protección do entorno dende o punto de vista medioambiental.

D César Fernández Gil (PP).- Pode haber algún matiz, basicamente coincidimos en que os recursos reviertan a comunidade.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Nos gusta a moción e a apoiamos, non estamos de acordo coa política enerxética do PP na Xunta, e cando goberna en Madrid nunca beneficia aos territorios onde se ubican as instalacións. O Plan Eólico do bipartito era moito máis beneficioso para os territorios que a situación actual.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

**12.- MOCIÓN DE URXENCIA DE APOIO AS TRABALLADORAS DA ESCOLA INFANTIL DE RIBADAVIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR .**

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- A urxencia ven motivada polas demandas presentadas polas traballadoras e o Comité de Empresa que foron trasladadas á concelleira.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Todos coñecedes as demandas das traballadoras da Galiña Azul, que son tan importantes como a infraestrutura en sí. Apoiamos as demandas das traballadoras, o que nos trasladan é :

Dirixirse urxentemente á Consellería de Política Social, Presidenta deste organismo público, e , como membro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, instar a Xunta de Galicia a:

-Respectar os acordos de adhesión e os compromisos co Concello de Ribadavia evitando o desmantelamento dos equipos de traballo que durante estes anos están coidando de boa marcha da Escola Infantil neste concello.

Paralizar e deixar sen efecto a OPE aprobada pola Xunta de Galicia relativa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo menos no que se refire os postos de traballo da Escola Infantil do noso concello.

Previa comunicación e diálogo co noso concello, se inicien os trámites necesarios para, dentro do marco legal actual, favorecer a consolidación e fixeza dos actuais contratos temporais de traballo nos centros referidos.

2 Dar difusión deste acordo plenario, nos canles informativos e de difusión habituais.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O que nos trasladan é unha petición xustísima, esas persoas fan unha función importantísima pola idade dos nenos. Hai que apoiar, fan un traballo moí difícil. Todo o noso apoio.

D César Fernández Gil ( PP).- Entendo que sexan reivindicacións xustas, non temos un coñecemento de primeira man, nos gustaría falar primeiro coas traballadoras.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RENC (3), BNG, abstención PP (5), fica aprobada.

A Escola Infantil do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do noso concello abriuse no ano 2008 cun equipo profesional que o axudou, xunto coas/cos profesionais do noso concello, na súa creación, na implantación e na consolidación dun recurso social público que hoxe se fai imprescindible para a nosa veciñanza.

O equipo de profesionais que presta os seus servizos , accedeu ao seu posto de traballo seguindo os procedementos de acceso establecidos pola Lei a estes efectos e baixo o control da Xunta de Galicia e o concello.

Os concellos forman parte esencial e estrutural do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, constituíndo o 49% da súa Asemblea Xeral e sendo imprescindibles para o financiamento do seu mantemento e as súas profesionais , na súa práctica totalidade , mulleres, no caso , desta escola.

Recentemente, en decembro do ano pasado, tense publicado unha Oferta Pública de Emprego por parte da Xunta de Galicia que engloba máis de 1200 postos de traballo do Consorcio Galego. Postos de traballo ocupados na actualidade por profesionais como os que desenvolven o seu traballo na Escola Infantil do noso concello.

Consideramos pouco acaído que se publique unha nova Oferta Pública de Emprego sen antes dar oportunidade, dentro do marco legal actual, as

traballadoras que levan desempeñando a súa labora profesional durante os últimos 13 anos , de converter os seus contratos temporais en fixos.

Por este motivo , as traballadoras temporais do Consorcio ( máis dun 90% da totalidade) teñen iniciadas mobilizacións para defender os seus postos de traballo , reclamando que non se fagan procesos de consolidación dos postos de traballo , senón que se fagan procesos de consolidación real das profesionais que durante tantos anos levan sendo vítimas dun contrato temporal.

ACORDASE:

1 Dirixirse urxentemente á Consellería de Política Social, Presidenta deste organismo público, e , como membro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, instar a Xunta de Galicia a:

-Respectar os acordos de adhesión e os compromisos co Concello de Ribadavia evitando o desmantelamento dos equipos de traballo que durante estes anos están cuidando de boa marcha da Escola Infantil neste concello.

Paralizar e deixar sen efecto a OPE aprobada pola Xunta de Galicia relativa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo menos no que se refire os postos de traballo da Escola Infantil do noso concello.

Previa comunicación e diálogo co noso concello, se inicien os trámites necesarios para, dentro do marco legal actual, favorecer a consolidación e firmeza dos actuais contratos temporais de traballo nos centros referidos.

2 Dar difusión deste acordo plenario, nos canles informativos e de difusión habituais.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Me alegro que se fixese o arranxo da entrada do parking. A fonte está baleira de auga, hai ladrillos rotos e nenos xogando que se arranxe.

Que se arranxen os parques dos pobos, que non se olviden.

Se dotou unha partida para alugueiro dunha nave para o GES, ¿ se paga un alugueiro , cal é o proceso?

Preguntar polo proceso selectivo da policía local.

O campo da festa está en mal estado.

D César Fernández Gil ( PP).- Preguntar polo pintado de fachadas de propiedades privadas no casco histórico, se hai permiso de patrimonio ou autorización dos propietarios.

D Manuel Vázquez López , concelleiro de obras e servizos.- Sobre o alugueiro do GES se solicitou un informe da estrutura a arquitecta. O proceso da policía local está paralizado polo covid, pero se vai a efectuar o máis pronto posible a selección correspondente a mobilidade.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Hai un plan de limpeza e mellora do casco histórico.Nas redes sociais hai críticas dun perfil asociado ao PP , que tamén presentou un escrito. Hai un plan de limpeza como en outros concellos, empezou no casco histórico e vai a continuar en outros barrios.

Foi unha reparación de actos vandálicos, hai unha partida de cinco mil euros para mellora do casco histórico.Non se pintan casas privadas, as fachadas son parte do entorno do casco histórico, parte do entorno. Unha pintada vandálica afecta á casa e aos que pasan por diante. Parece que lle molesta aos que estaban antes no goberno, a xente está moi contenta.

A Praza da Porta Nova se vai a arranxar e toda a zona.

A Xunta sacou unha liña de axudas para concellos,este goberno solicitou unha axuda para a Humanización do camiño de Barca. O prazo de solicitudes empezou ás doce da noite e, en nove minutos, esgotouse o orzamento. Para a solicitude se pediu un informe sectorial a Patrimonio , que tardou vinte días , cando antes tardaba dous días. Houbo chamadas a xente do PP.

D Manuel Vázquez López, concelleiro de obras e servizos.- O estanque está nunhas condicións penosas, sucio; se limpiou a fonte , se retiraron os peces a un estanque.Os albaneles rasparon a superficie enriba do cemento.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Preguntar se tiveron unha reunión coas traballadoras de servizos sociais para atender as súas demandas.

Alcaldesa.- A vindeira semana reuniranse con elas.Deuselle unha gratificación de cincuenta euros polo seu bo traballo.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Para facilitarlle os seus desprazamentos facilitarlle unha tarxeta para aparcamento e acceso ao casco histórico.

D César Fernández Gil (PP).- Hai unha factura de 13 de abril de reparación na oficina de turismo.

Alcaldesa.- Se facilitará copia da factura.

D César Fernández Gil (PP).- ¿ Cómo está o expediente de reposición da legalidade dun vial no Parque Empresarial pola Confederación Hidrográfica?

Alcaldesa.- Está sen resolver pola Confederación Hidrográfica.

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos a Sra Alcaldesa Presidenta levanta a sesión do que como secretario dou fe.